

Convocatoria para apertura da OFERTA ECONÓMICA do Concurso de Seguridade

En relación coas proposición para a contratación do servizo de SEGURIDAD EXPOSICIÓN DESTACADO das instalacións do Museo MARCO comunicolle que o próximo día **XOVES 25 DE ABRIL** procederase a apertura da oferta económica do **sobre C** en acto publico **na sala de Patronato as 10:50 p.m.**

Asemade se recorda que:

Pola propia dinámica operacional do MARCO , establécese un volume determinado de servizo cun horario determinado no prego Técnico. Este horario é susceptible de sufrir variacións no futuro a petición do MARCO dependendo dos posibles horarios de montaxe e apertura de salas de exposición. O contratista estará obrigado á cobertura destes posibles novos horarios, facturando/descontando da súa factura mensual, de forma proporcional ao prezo adxudicado aos posibles incrementos/diminucións nas diferentes áreas de prestación do Servizo. Para a determinación das futuras ampliacións e redución os Licitadores están obrigados a presentar un orzamento de servizos cos prezos das unidades de facturación no mesmo sobre xunto coa oferta económica.

Estes prezos determinaran o importe a facturar/descontar da súa factura mensual, de forma proporcional ao prezo adxudicado aos posibles incrementos/diminucións nas diferentes áreas de prestación do Servizo que se sinalan e que deberán concordar co importe total do servizo ofertado.

Non se aceptarán aquelas proposicións que teñan omisión , error ou borranchos que impidan coñecer claramente o que o órgano de contratación estime fundamental para considerar a oferta.

Os prezos unitarios ofertados teñen carácter global polo que se inclúen todos os factores de valoración. O resultado prezo servizo de estas unidades incluírá todos os conceptos que non son unidades de facturación como Custes de coordinación, consumibles, uniformidade , etc... que forman parte intrínseca do servizo.

Vigo, 23 de abril de 2019

Martiño Nogueira

Gerente

Fundación MARCO

T.+34 986 11 39 00

C/Príncipe 54

36202 Vigo